

Xornadas REVITALIZA

BIORRESIDUOS MUNICIPAIS RETORNANDO AO AGRO

Co-compostaxe de residuos agro-gandeiros con municipais

20 e 21 de decembro de 2021

Salón de Plenos do Pazo Provincial - Pontevedra



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

inscricións:
www.ceida.org

Limiar

A idea-forza das xornadas é a presentación polo medio dos seus propios actores, do pasado recente, do presente e do futuro inmediato esperábel para unha oportunidade tan innovadora como ven sendo esta da posta en valor das (evidentes) sinerxías entre as xestións dos biorresiduos municipais cos do agro (agricultura e gandería).

Dita idea-forza afinca os seus pes nunha evidencia, cal é a do fluxo constante de nutrientes esenciais (macro e micro) e da materia orgánica (MO) dende o agro até os concellos.

Faise evidente que dito fluxo é consubstancial á realidade das cousas... O que non resulta tan evidente é que teña que descender nese sentido único **“Agro → Concello”**, cando o seu ancho de vía permite de abondo acollelo sentido de retorno **“Concello → Agro”**.

Abrir ese dobre sentido desbloquearía o actual ***estatus quo***, manifestamente ineficaz, ao abrir o refluxo natural dos nutrientes esenciais (macro e micro) e da materia orgánica (MO) dende os concellos até o agro.



O deseño persegue se informar dende as experiencias activas e reais sobre o terreo a día de hoxe e a través dos seus propios protagonistas activos, non só para que estes se “poñan en contacto”, se non para que, moito mais alá diso, se “poñan en interacción”.

Tendo presente que –agás o caso austriaco- todas as realidades testadas móvense nos círculos dos seus respectivos entornos inmediatos e das súas realidades concretas no que a residuos dispoñíbeis se refire, resulta que carecemos a día de hoxe dese mínimo **corpus** teórico común sobre o que documentar estratexias xerais solventes e exportábeis ao respecto.

O anteriormente citado viría a ocupar toda a **1ª Xornada** (luns/20) que, inda que constituíndo o elemento central destas xornadas, non obsta para tamén abordar outros aspectos complementarios (mais imprescindíbeis) á hora de dotar das mínimas solvencias: agronómica, técnica e loxística a esta proposta de co-compostaxe dos biorresiduos producidos nos concellos cos biorresiduos producidos no agro.

Eses outros aspectos afectan ás implantacións solventes loxística e agronómicamente falando, ao uso do compost como substrato/emenda/fertilizante e á súa capacidade en definitiva de chegar a constituír unha alternativa (complementaria/suplementaria) fronte á actual realidade case que monograficamente dominada pola fertilización mineral/sintética.

Nese senso contaremos coas voces profesionais na aplicación industrial, na comercialización e no uso agronómicamente correcto dos diferentes compost. Iso ocupará a primeira parte da mañá desa **2ª Xornada**.

Por último, xa na segunda parte da mañá desa **2ª Xornada**, avanzaremos nas iniciativas mais prometedoras que se están a xestar nas diferentes comunidades deste país.

A maiores de potenciar a meirande presenza física posíbel de público interesado na sala, tódalas sesións serán integramente gravadas (audio e vídeo) para a súa posterior subida a **youtube** e todas elas estarán sendo transmitidas en directo aberto vía **streaming**.

Obxectivos

- Promover o regreso dos nutrientes e materia orgánica contidos nos biorresiduos municipais ao entorno inmediato agrícola e/ou gandeiro.
- Propoñer os mecanismo técnicos e loxísticos que garantan a co-compostaxe eficiente de biorresiduos municipais con agro-gandeiros
- Obter constancia da "foto fixa" actual do "estado da arte" deste segmento a través dos seus propios protagonistas activos
- Poñer en interacción a todas estas experinecias activas actuais neste campo
- Presentar os argumentos científicos/agronómicos que avalan a utilización do compost como sustrato, enmienda o fertilizante natural e ecolóxico
- Presentar as experiencias que se están a xestar en diferentes lugares dentro deste ámbito

Destinatarios

- Emprendedores, empresarios e autónomos interesados na economía circular e na mellora da xestión dos biorresiduos derivados da súa actividade agrícola ou gandeira
- Técnicos/as de distintas administracións locais vinculados á planificación e xestión municipal
- Responsables de medio ambiente e da xestión dos residuos das entidades locais
- Responsables da xestión e tratamento dos residuos procedentes da agricultura e gandería
- Responsables das administracións provinciais e autonómicas
- Actores implicados na xestión dos biorresiduos en xeral
- Público interesado en xeral





10.00 Inauguración

- **D. Carlos Vales Vázquez.** Director do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – CEIDA (5')
- **D. César Mosquera Lorenzo.** Vicepresidente da Deputación de Pontevedra (5')
- **Dna. Carmela Silva Rego.** Presidenta da Deputación de Pontevedra (5')

PRIMEIRA SESIÓN: “REALIDADES IMPLANTADAS”

10.30 1ª parte: Desde as máis pequenas...

- **D. Victor M. Boga Vázquez.** Millo e Landras, agricultura e gandería ecolóxica (Vilasantar – A Coruña) (15')
- **D. Eduardo Cordero Hurtado.** Gupide Elkarte e Concello de Larrabetzu (Bizkaia) (15')
- **Dna. Susana de Eusebio Herrero.** Asociación Agroecolóxica para a inclusión social Albalá (Madrid) (15')
- **D. Jaume Ordinas Calafat.** Garden Hotels (Mallorca) (15')
- **D. Ibon Goikoetxea Retegi.** Concello de Usurbil (Gipuzkoa) (15')

12.00 2ª parte: Ate as menos pequenas...

- **Dna. Ana Belén Yuste López.** ADER La Palma, Planta de compostaxe “La Prosperidad” (La Palma – Canarias) (25')
- **D. Jesús Cía Asensio.** Planta de compostaxe Josenea Bio S.L. (Navarra) (25')
- **D. Franco Llobera Serra.** Asociación de Economías Biorregionales (Madrid) (25')

13.15 Coloquio

13.30 Fin Primeira Sesión

SEGUNDA SESIÓN: “MESA REDONDA: REALIDADES IMPLANTADAS”

16.00 Mesa Redonda. Conduce e modera: D. Carlos Pérez Losada. REVITALIZA

Participan

- **D. Victor M. Boga Vázquez.** Millo e Landras, agricultura y gandería ecolóxica (Vilasantar – A Coruña)
- **D. Eduardo Cordero Hurtado.** Gupide Elkarte e Concello de Larrabetzu (Bizkaia)
- **Dna. Susana de Eusebio Herrero.** Asociación Agroecolóxica para a inclusión social Albalá (Madrid)
- **D. Jaume Ordinas Calafat.** Garden Hotels (Mallorca)
- **D. Ibon Goikoetxea Retegi.** Concello de Usurbil (Gipuzkoa)
- **D. Francisco Miguel Domínguez.** Xerente ADER La Palma (La Palma – Canarias)
- **D. Jesús Cía Asensio.** Planta de compostaxe Josenea Bio S.L. (Navarra)
- **D. Franco Llobera Serra.** Asociación de Economías Biorregionales (Madrid)

18.30 Fin Segunda Sesión



TERCEIRA SESIÓN: “A VOLTAS CO AGRO-COMPOST”

10.00 1ª parte: Desde a súa colocación

- **D. Xavier Llovera Carulla.** Autónomo (Lleida) (15')
- **D. José Mª Gómez Palacios.** Biomasa Peninsular (Madrid) (15')

10.40 2ª parte: Pasando pola súa idoneidade

- **Dna. Ana García Rández.** Universidad Miguel Hernández (Alacant) (20')
- **D. Inazio Irigoien Iriarte.** Universidad Pública Navarra (Navarra) (20')

CUARTA SESIÓN: “CARA AO FUTURO”

11.30 Valorando as previsións

- **D. Ramón Plana González-Sierra.** Asociación Profesional sen Ánimo de Lucro Fértil Auro (Barcelona) (20')
- **D. Francesc Giró i Fontanals.** Proxecto Priorat (Cataluña) (20')
- **D. Carlos Pérez Losada.** REVITALIZA (Pontevedra) (20')
- **D. Raúl Salanueva Murguialday.** Xefe da Sección de Residuos do Servicio de Economía Circular e Cambio Climático do Goberno de Navarra (Navarra) (20')

12.50 Coloquio

13.30 Fin Cuarta Sesión

SESIÓN FINAL: “RETOS DO AGRO-COMPOST”

16.00 Mesa redonda. Conduce e modera: Dna. María Martínez Abrales. REVITALIZA

Participan

- **D. Xavier Llovera Prats.** Autónomo (Lleida)
- **D. José Mª Gómez Palacios.** Biomasa Peninsular (Madrid)
- **Dna. Ana García Rández.** Universidad Miguel Hernández (Alacant)
- **D. Inazio Irigoien Iriarte.** Universidad Pública Navarra (Navarra)
- **D. Ramón Plana González-Sierra.** Asociación Profesional sen Ánimo de Lucro Fértil Auro (Barcelona)
- **D. Francesc Giró i Fontanals.** Proxecto Priorat (Cataluña)
- **D. Carlos Pérez Losada.** REVITALIZA (Pontevedra)
- **D. Raúl Salanueva Murguialday.** Xefe da Sección de Residuos do Servicio de Economía Circular e Cambio Climático del Goberno de Navarra (Navarra)

18.30 Clausura das Xornadas